

## CONCELLO DE MUXÍA

### NOTIFICACIÓN DE INSERCIÓN NA WEB, CONSULTA AS ADMINISTRACIÓNS E SOLICITUDE DE INFORMES

**PROMOTOR:** GANADERÍA SAN ISIDRO, SC

**N.I.F.:** J70023742

**ACTIVIDADE:** EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE LEITE

**EMPRAZAMENTO:** LUGAR DE QUINTÁNS – OZÓN – MUXÍA – A CORUÑA

**EXPEDIENTE:** CO/2026/011 (CLM)

O 25.03.2026 tivo entrada nesta Consellería a solicitude de declaración de incidencia ambiental da actividade arriba indicada

De acordo co artigo 35 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (DOG nº 247, do 27 de decembro), sométese a **consulta** a memoria achegada para que **no prazo indicado na web**,

- O **Concello** emita **informe sobre a compatibilidade ou non co planeamento urbanístico do proxecto** (en dito informe deberase indicar, de xeito literal, se o proxecto é compatible ou non con dito planeamento, xa que esta unidade administrativa non ten a facultade de interpretar o seu contido), e remita a través do SIR. Segundo dispón o número 4 do referido artigo 35 da Lei 9/2013, se o concello emite informe de non compatibilidade do proxecto co planeamento urbanístico, dítarase resolución motivada que poña fin ao procedemento e arquivaranse as actuacións. Nese mesmo prazo poderá formular, observacións ou alegacións, como administración pública afectada.

- As **administracións afectadas** poidan formular **observacións ou alegacións** que remitirán a través do REXEL ou SIR.

Segundo o artigo 35.3 da Lei 9/2013, os **informes solicitados e non recibidos no prazo** estipulado entenderanse como favorables, e poderase continuar o procedemento.



-As **persoas interesadas** poidan formular **observacións ou alegacións** en relación coas súas repercusións ambientais que deberán ser remitidas a través da SEDE ELECTRÓNICA da Xunta de Galicia usando o modelo xenérico "Alegacións", ou da ligazón "Ir a>" correspondente ao expediente na web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Para o dito efecto comunícolle que a memoria está dispoñible en:  
<https://cmatv.xunta.gal/medio-ambiente-e-sostibilidade>, dentro da dita dirección en: Avaliación da incidencia ambiental de actividades / Participación pública / ligazón / Provincia A Coruña.

A Coruña, (data e sinatura dixital)

A Técnica

A xefa do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental

M<sup>a</sup> Cristina López Mateo

Belén Quinteiro Seoane

**CONCELLO**

CONCELLO DE MUXÍA

PROMOTOR

**ADMINISTRACIÓNS AFECTADAS**

AUGAS DE GALICIA (ZONA HIDROGRÁFICA GALICIA NORTE)  
 SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL  
 SERVIZO DE PATRIMONIO NATURAL  
 SERVIZO DE GANDARÍA  
 SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS  
 LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA

SERVIZO DE MONTES  
 SERVIZO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS  
 INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO  
 SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

**PERSOAS INTERESADAS**

FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA

En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, dirixindo un escrito a esta Consellería como responsable do ficheiro, no seu enderezo da rúa San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela

